



CONCELLO  
DA GUARDA

## **ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 23 DE MAIO DE 2017.-**

---

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as doce horas e cincuenta e cinco minutos do día 23 de maio de dous mil dezasete, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. Antonio Lomba Baz, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- **D<sup>a</sup>. Montserrat Magallanes Alvarez**
- **D. Miguel A. Español Otero**
- **D. Manuel Javier Crespo Gonzalez**
- **D<sup>a</sup>. Teresa Vicente Baz**
- **D. Paulino Rodríguez Gonzalez**

**Asiste tamén con voz pero sin voto a Sra. Elena Baz Rodríguez**

**Asiste como Secretaria a do Concello D<sup>a</sup>. Raquel Duarte Núñez.**

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

### **PUNTO 1.- SOLICITUDE DE ADHESIÓN AO PROGRAMA DEPOTERMAL PARA O ANO 2017**

---

Vista a proposta de Alcaldía de data 18.05.2017, que literalmente di:

#### **“PROPOSTA DE ADHESIÓN AO PROGRAMA DEPOTERMAL PARA O ANO 2017**

##### **Información:**

Que o 15 de maio de 2017 saliron publicada no BOP de Pontevedra núm. 92 as bases reguladoras do programa Depotermal para o ano 2017.

O plan termal da Deputación “Depotermal” 2017 pon en marcha dous programas termais:

- Programa de asistencia diaria a balnearios durante 5 días consecutivos
- programa termal con pernocta.

##### **Antecedentes:**

O concello poderá sumarse ao plan mediante un acordo de adhesión acordando en X.G.L. os seguintes puntos:

1. Coñecer e aceptar as bases da convocatoria do plan termal
2. Adherirse ao plan “Depotermal” 2017



3. Aceptar as obrigas derivadas desta adhesión como entidade colaboradora na xestión:

- Cumprir coas obrigas establecidas nas Bases reguladoras segundo o disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións
- Rexistrar cada solicitude das persoas empadroadas no formulario web que a Deputación de Pontevedra habilitará para que a cubran as e os profesionais responsables dos concellos, segundo o establecido na base sétima
- Determinar que persoas usuarias se beneficiarán das prazas reservadas para persoas en situación ou risco de exclusión social , circunstancia que deberá ser acreditada mediante a valoración da traballadora ou traballador social dos servizos sociais comunitarios municipais, de acordo co establecido na base quinta

#### **Lexislación aplicable:**

Bases reguladoras do programa Depotermal para o ano 2017 publicadas no BOP Pontevedra núm. 92 o 15 de maio de 2017.

Por todo o exposto, propono a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **acordo**:

Adhesión do concello de A Guarda ao programa Depotermal para o ano 2017 declarando expresamente:

1. Coñecer e aceptar as bases da convocatoria do plan termal
2. Adherirse ao plan “Depotermal” 2017
3. Aceptar as obrigas derivadas desta adhesión como entidade colaboradora na xestión:
  - Cumprir coas obrigas establecidas nas Bases reguladoras segundo o disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións
  - Rexistrar cada solicitude das persoas empadroadas no formulario web que a Deputación de Pontevedra habilitará para que a cubran as e os profesionais responsables dos concellos, segundo o establecido na base sétima
  - Determinar que persoas usuarias se beneficiarán das prazas reservadas para persoas en situación ou risco de exclusión social , circunstancia que deberá ser acreditada mediante a valoración da traballadora ou traballador social dos servizos sociais comunitarios municipais, de acordo co establecido na base quinta.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

#### **PUNTO 2.- APLICACIÓN BAIXA SUBVENCIÓN REFORMA CUBERTA SOLANAS PARA PECHE PATIO**

---



Vista a proposta de Alcaldía de data 19.05.2017, que literalmente di:  
**“PROPOSTA DE ALCALDIA**

Vista as Bases reguladoras do Plan de obras e servizos (Plan Concellos 2016), Liña 1: Investimentos publicadas no BOP nº 233 do 2 de decembro de 2015

Téndose producido unha baixa na adxudicación da obra “PAVILLÓN SOLANAS” de 8.796,47 euros, e de acordo da base décimo sétima das bases reguladoras destas axudas que textualmente din “De produciren baixas na adxudicación dos contratos o concello beneficiario deberallo comunicar á Deputación antes da súa aplicación. A existencia e importe da baixa determinarase coa certificación final. A baixa poderá aplicarse en calquera investimento, con independencia do seu importe”.

Propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **acordo**:

1.-SOLICITAR a aplicación da baixa para o mesmo investimento: “PECHE PATIO CEIP NICOLAS GUTIERREZ CAMPOS “ por importe de 8.796,47 euros.

2.- Aprobar a memoria valorada do proxecto “Peche patio CEIP Nicolás Gutiérrez Campos” redactado por D. Hermelindo Martínez González por un importe de 8.796,47 euros.

3.- Asumir o compromiso de que calquera alteración no execución da obra principal que conleve un incremento no prezo será asumida polo Concello da Guarda.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

### **PUNTO 3.- SUBV. PARA INSTALACIÓN DE ASCENSOR NA PRAZA DE ABASTOS**

---

Vista a proposta de Alcaldía de data 19.05.2017, que literalmente di:

**“PROPOSTA DE ALCALDIA**

Vista a Orde do 12 de abril de 2017 pola que se establecen as bases que regulan para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, as subvencións aos concellos galegos, ás asociacións e ás cooperativas de persoas praceiras dos mercados e prazas de abastos para a consecución de mercados de excelencia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2017. (DOG nº 81 do 27 de abril de 2017)

Propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **acordo**:

-A probar o proxecto de servizo denominado: “INSTALACIÓN DE ASCENSOR NA PARAZA DE ABASTOS”

-Solicitar esta subvención para dito servizo coas seguintes características:



Orzamento total da obra 65.000 euros  
Subvención solicitada 30% do investimento

A Xunta de Goberno Local comprométese a realizar as actuacións de asesoramento-formación dirixidas ao mentoring comercial, aumento da rendibilidade do punto de venda con técnicas de visual merchandising, colocación do produto e atención ao cliente, e asumir o custe total da mesma, cun orzamento de 3.000 euros (IVE engadido), polo que non solicita subvención para esta actividade.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

E Non habendo máis asuntos que tratar o Sr, Presidente da por rematada a sesión ás 13:00 horas do día da data, da que eu como secretaria dou fe.